

MÚSICA Xochilmica, Ardentía, Terrakota e Black Baudelaire abren o festival que organiza a Asociación Mozos e Mozas do Beluso o 13 e 14 de agosto

A Noite do **Trasno**

Matraca Perversa, La Fritanga, La King Beat e o raggamufin de Django FM pecharán os concertos

V.Oliveira • Santiago

A palabra "trasno" vén do latín "transgredi". Transgredir. Iso é o que propón a Asociación Mozos e Mozas do Beluso organizadora do festival *A Noite do Trasno* que se celebra os vindeiros 13 e 14 de agosto en Cabo Udra, na comarca do Morrazo. E transgredir significa, como apunta o músico Xurxo Souto no libro que publica o festival, "salferir o presente con creatividade e alegría." Coa idea de sorprendere, e fuxir dos tópicos, este orixinal festival celebrado dende hai tres anos, reuniranse numerosos grupos de diferentes ritmos da música galega e foránea en senllos concertos que se celebrarán a partir das 22:00 horas.

Os grupos de folk Xochilmica e Ardentía xunto co reaggae portugués de Terrakota e o hip-hop de Black Baudelaire abrirán o festival o venres. Para o sábado, está reservada a troula estradense da Matraca Perversa, o ska de La Fritanga e o rock de La Kinky Beat, mentres que a música raggamufin dos madrileños Django FM pechará o festival.

Entrementres, ao longo desta semana, celebraranse outras actividades nos días previos ao festival. Do luns ao domingo estará aberta a exposición *A Noite do Trasno, oito anos de andaina na sala Amalia Domínguez Búa* que conta a historia da Asociación e a xestación do festival. Ademais pasacalles, charangas, música e baile tradicional, xogos e obradoiros encherán as horas previas aos concertos de Cabo Udra. ●



ANTONIO HERNÁNDEZ

O grupo de folk galego Xochilmica actuará no concerto de apertura do Festival 'A Noite do Trasno'



Cartel do festival do Udra



A banda portuguesa Terrakota

A CERNA **Danza, teatro e un grupo de Clown**

A Asociación Mozos e Mozas de Beluso ten previstas para mañá unha serie de actividades que comezan cunha mostra de Danza contemporánea na praza do concello de Bueu que se iniciará ás 20:30 da tarde para continuar coa obra de teatro infantil para animación á lectura 'Historia dun libro', que se representará dúas horas máis tarde na Casa do Pobo de Beluso. Tamén se prevé que o grupo de clown 'Dous son Compañía' ofrecerá o xoves o espectáculo 'As Cincentas descontroladas', tamén na Casa do Pobo, ás 20:30 horas.

EN MADRID

■ O artista galego xoga coa imaxe

'Parados Clowns', nova proposta de Antón Cabaleiro

O Centro de Arte Mozo da Comunidade de Madrid exhibirá a partir do 9 de setembro e ata o próximo 9 de outubro, *Parados Clowns*, a nova proposta do mozo artista galego Antón Cabaleiro, que formula un xogo co espectador a través da contemplación da imaxe.

A exposición nace das investigacións que este artista realizou sobre a repercusión dos tempos modernos e a cultura da imaxe sobre o individuo contemporáneo. A mostra consta dunha instalación audiovisual na que se reflicten os rostros distorsionados dun home e unha muller, que exhiben unha máscara de maquillaxe branca e interpelan ao espectador.

Ademais, a serie fotográfica está baseada nun suxerente paradoxo: canto máis se aproxime o visitante, menos información recibirá do obxecto fotografado, e, a medida que se afaste, mellor discernirá a figura.

Críticar un sistema saturado de información

A elección do pallaso como motivo da mostra reforza a provocación que o artista persegue, porque xera o interrogante de quen é o pallaso: o que preside a situación ou o observador que non encontra o modo de se enfrontar á imaxe.

Con iso, Cabaleiro pretende criticar un sistema no que o individuo, saturado de información, non sabe discernir o por que das súas actuacións, convertendo a súa existencia nun absurdo. ● S.M.

La inmobiliaria que piensa en

tu tiempo




Nova Santiago
Pisos en el centro de Santiago

- Junto a El Corte Inglés, el Parque de Paxonal y la Estación de RENFE
- 1, 2 y 3 dormitorios, garaje y trastero
- Excelente distribución
- Financiación a medida
- Cantidades entregadas a cuenta aseguradas

C/ Amor Ruibal, 35 esq. C/ Ulla

qué casa quieres?
891 52 55 57
metrovacesa.com



METROVACESA

La información contenida en este anuncio no tiene carácter contractual, pudiendo ser modificada por la sociedad promotora, que se reserva el derecho de elección durante el transcurso de ejecución de la obra las modificaciones necesarias por exigencias de orden técnico, jurídico o comercial, sin que ello implique menoscabo en el nivel general de calidades.